

PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN.

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DA ESTRADA.



Concello
da Estrada



1.- OBXECTO.

2.- CRITERIOS DE UTILIZACIÓN.

3.- CARACTERÍSTICAS DE USO.

4.- REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.

5.- NORMAS COMÚNS ACCESO INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

6.- NORMAS ESPECIFICAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

6.1.- APERTURA PREVIA INSTALACIÓN.

6.2.- UTILIZACIÓN USUARIOS.

6.3.- ASEOS

7.- SOLICITUDE INSTALACIÓNS.

8.- ANEXO I. SOLICITUDE

1.- OBXECTO.

Este protocolo crease co obxectivo de facilitar a organización no proceso de reapertura das instalacións deportivas municipais do Concello da Estrada e será de obrigado cumprimento por parte dos deportistas que vaian a utilizar ditas instalacións. Será complementado por aquelas normas ou ordes que se diten e publiquen por parte das autoridades sanitarias e deportivas durante o transcurso da evolución desta situación. Actualizarase continuamente de acordo coas informacións e criterios das autoridades competentes.

Preténdese reactivar á práctica deportiva nas instalacións deportivas municipais do noso Concello, adoptando as medidas de prevención hixienico-sanitarias necesarias para lle facer fronte á pandemia provocada polo *Covid-19* conforme o disposto polas autoridades sanitarias e deportivas. O inicio da actividade deportiva realízase baixo demanda e de forma xustificada, para todos os clubs e deportistas locais, dacordo o protocolo da federación correspondente.

De todos os xeitos, o cumprimento deste protocolo corresponderá aos deportistas cando se atopen adestrando baixo a súa exclusiva responsabilidade.

2.- CRITERIOS DE UTILIZACIÓN.

Poderán utilizar as diferentes instalacións, os seguintes deportistas empadroados no noso concello ou de clubs que realicen a súa actividade no Concello da Estrada, segundo a seguinte **orde de preferencia**:

- Deportistas profesionais.
- Deportistas federados. Deportes individuais e deportes colectivos.
- Deportistas habituais non federados. (Dependendo evolución da situación)
- Deportistas ocasionais. (Dependendo evolución da situación)

Terán prioridade na utilización, aquelas modalidades deportivas que non poidan realizar o seu adestramento no exterior das instalacións deportivas municipais ou se atopen nalgún período competitivo.

Solo se atenderán as solicitudes que se formulen en tempo e forma. Cumprimento obrigado de normas de hixiene e seguridade.

Os/as deportistas e os clubs deportivos deben de respectar esta normativa, podendo anular este departamento as solicitudes que considere, sempre e cando non se acate este protocolo.

Os/as deportistas usuarios/as, individual ou colectivamente, deberán de pertencer á entidade deportiva solicitante, con licenza federativa en vigor ou no seu caso seguro de accidentes. Deben de atoparse libres de sintomatoloxía da enfermidade, sendo responsabilidade exclusiva do seu cumprimento e control, as entidades deportivas que utilicen á instalación.

De presentarse un caso no cal, unha persoa da entidade deportiva con acceso ás instalacións deportivas municipais teña sintomatoloxía coincidente ca do virus causante da Covid-19, deberá de informar de xeito inmediato o departamento de Deportes do Concello da Estrada, ao responsable da entidade deportiva e ao Servizo Galego de Saúde (teléfono: 900 400 116) para iniciar o protocolo previsto para estes casos pola Consellería de Sanidade.

Debido a situación na que nos atopamos, ca entrada en vigor desta normativa, quedan suspendidos os horarios de instalacións deportivas do Concello da Estrada que se estaban aplicando para tempada 2019-2020. Esta normativa será a que se aplicará nas instalacións deportivas ata novo aviso.

3.- CARACTERÍSTICAS DE USO.

- Poderá acceder cos deportistas un adestrador principal e o corpo técnico, unicamente cando sexa necesario, ca debida acreditación.
- Poderá acceder as instalacións un acompañante a deportistas minusválidos ou menores que requiran a súa presenza.
- **Días de utilización: de luns a venres. Sábado e domingo unicamente por causa excepcional ou competición.**
- **Horario das instalacións: de 9 a 14 horas e de 16 a 23 horas.**
- **Quendas de adestramento de como máximo 1 hora e 30 minutos, que lle serán comunicadas os/as deportistas/clubs interesados. As pistas de tenis 1 hora.**
- Instalacións que se inclúen nesta normativa:
 - ✓ Pavillón polideportivo Manuel Coto Ferreiro (3 pistas)
 - ✓ Campos de Fútbol (Novo Municipal, San Martiño-Callobre e Manuel Regueiro)
 - ✓ Pistas de tenis.
 - ✓ Pistas de padel.

Nesta reapertura, quedan excluídas ata novo aviso para o seu uso, a sala de musculación, o tatami e as zonas de vestiarios destas instalacións, salvo excepción xustificada.

No caso de que algunha solicitude sexa denegada porque non está permitido e/ou aconsellado polas autoridades sanitarias, faráselle saber o solicitante.

Calquera outra instalación consultar no departamento de deportes do Concello da Estrada

4.- REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.

- **Presentación da solicitude segundo modelo (Anexo I).** Os adestradores e acompañantes autorizados, estarán suxeitos ás mesmas obrigacións que os deportistas.
- **A práctica do deporte de competencia autonómica, seguirá o PROTOCOLO que propoña a federación correspondente para adaptar a modalidade deportiva ás medidas de protección fronte á COVID, e se atope aprobado pola Xunta de Galicia.**
- **Os clubs e deportistas individuais usuarios das instalacións deportivas designarán un responsable técnico encargado de coordinar co departamento de deportes do Concello da Estrada a utilización das instalacións, e que será o responsable da aplicación e do cumprimento deste protocolo, así como do protocolo da Federación autonómica correspondente.**
- As instalacións deportivas terán unha porta de acceso e outra de saída.
- O deportista para acceder a instalación deberá de seguir sempre a distancia interpersonal, mesmo cos conserxes, de 1,5 m e virán provistos de máscara EPI. Utilizará a máscara sempre durante todo o tempo de circulación entre espazos comúns nas instalacións e durante a realización da actividade. Poderán non facer uso dela se así o teñen permitido no seu protocolo da actividade e gardan a distancia durante a realización da actividade.
- Os deportistas, virán vestidos coa roupa que utilizarán durante adestramento, non se permite o uso de vestiarios.
- Deberán limparse as mans coas solucións hidroalcohólicas antes de entrar e saír en cada estancia
- Deberán desbotar as máscaras, luvas, papel, etc.. que se utilice, nas papeleiras que hai na instalación.
- Os clubs deberán de levar un rexistro nominal e diario de todos os participantes na sesión de adestramento.
- Control de temperatura no momento de acceder á instalación.

4.1.- MATERIAL DE PROTECCIÓN DISPONIBLE PARA OS DEPORTISTAS.

- Hidroxeles.
- Papeleiras non manuais.
- Papel desechable
- Luvas (No caso de que lle rompan).
- Máscaras (no caso de que lle rompan).

5.- NORMAS COMÚNS ACCESO INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Co obxectivo de recuperar a normalidade nos adestramentos básicos de deportistas federados, e de recuperar a actividade físico-deportiva nos cidadáns, os usuarios das instalacións deportivas municipais deben de cumprir as seguintes normas:

- Distancia mínima interpersoal de 1,5 metros.
- **Non está permitido o acceso á instalación deportiva dos pais ou acompañantes dos/das xogadores/as, debendo de esperar polos mesmos no exterior da instalación. O club poderá dar autorización unicamente para acompañar ós menores de idade ata a zona de adestramento evitando que queden na instalación unha vez que o adestrador ou persoa designada recolle aos/ás xogadores/as.**
- Non se permite o uso de vestiarios nas instalacións. Os deportistas asistirán coa roupa da súa práctica deportiva, só se poderán deixar unha mochila básica nos espazos habilitados para ese efecto (na instalación que vaian utilizar).
- Non se permite deixar ningún material persoal ou de adestramento en ningunha das salas ou instalacións habilitadas, de ser así procederase á súa retirada e refugallo.
- Os deportistas non poderán compartir material de uso individual.
- Os deportistas non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares, necesarios para o adestramento. Todos estes produtos terán o nome dos deportistas. No caso de que se deixen nas instalacións, procederase á súa retirada e refugallo.
- En ningún adestramento haberá persoal municipal de apoio, calquera material que necesiten deberán achegalo os propios clubs e/ou deportistas, non se deixará material da instalación de uso común.
- O uso da sala de musculación, debe ser individual ou na súa falta non máis de 4 deportistas do mesmo deporte, mantendo sempre a distancia interpersoal de 2mX2m. O finalizar o uso de cada material, máquina ou equipamento hase de limpar obrigatoriamente polo deportista ou técnico cos produtos desinfectantes á súa disposición, antes de que os use outro deportista.
- Ao finalizar o adestramento, o técnico responsable ou o derradeiro deportista en saír, avisará en conserxería para proceder á desinfección da instalación utilizada.

6.- NORMAS ESPECÍFICAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

6.1.- APERTURA PREVIA INSTALACIÓN.

- Limpeza e desinfección profunda das instalacións previa á reapertura mediante empresa ou persoal especializado en limpeza e produtos homologados.
- Expoñer de maneira visible ao público un documento que acredite o traballo realizado antes de apertura.
- Apertura de xanelas que faciliten a ventilación do espazo.
- Aproveitamento de material de sinalización e balizamento así como os EPIs para os traballadores que establece a normativa.

- Aprovisionar material de limpeza e hixiene para utilización polos usuarios: rolos de papel, papeleiras, pulverizadores con desinfectante e dosificadores de mans con hidroxel.
- Formar ao persoal nos novos protocolos de reapertura (distanciamento social, limpeza, vixilancia, axuda, consultas,...) para garantir a súa seguridade e a dos usuarios.
- Utilizaranse marcas, balizas, cartelería ou sinalización para garantir o mantemento da distancia interpersoal de seguridade e realizar un mellor control dos accesos.
- Despois do uso de cada quenda: limpeza das máquinas que sexan utilizadas e da zona habilitada para o uso; limpeza dos elementos comúns (manillas, chans, bancos, etc...)

6.2.- UTILIZACIÓN POR PARTE DOS USUARIOS

- **Para o adestramento, individual ou colectivo, aforamento máximo de 4 persoas na sala de musculación, 12 persoas de xeito simultáneo nas pistas polideportivas dos pavillóns e 25 persoas nos campos de fútbol, mantendo unha distancia obrigatoria de 1,5 metros entre persoas. Recomendable grupos de traballo de 10 persoas.**
- **A práctica deportiva poderase realizar sempre sen contacto físico. Non se poden realizar partidos. Excepción daquelas modalidades que o teñan permitido explicitamente.**
- Antes de entrar no espazo asignado limpar as mans cos hidroxeles que hai na entrada do mesmo.
- Os técnicos deberán utilizar máscara en todo momento.
- Calquera material utilizado para o adestramento, terá que ser obrigatoriamente desinfectado antes e despois de cada uso por parte do club usuario, e custodiado baixo chave ao finalizar cada sesión.
- Todo o material ou roupa dos usuarios deixarase na entrada do espazo asignado.
- Utilizarase unha toalla en cada unha das máquinas ou elementos utilizados.
- Uso individual de botellas de auga ou outros líquidos de hidratación.
- En instalacións cubertas, manter abertas na medida do posible, as portas de acceso e as xanelas para facilitar a ventilación.
- Na sala de musculación, ao finalizar o uso da máquina, equipamento ou elementos do ximnasio, limpalos cos produtos desinfectantes existentes obrigatoriamente.
- Ao finalizar o uso do espazo asignado, limpar os elementos comúns utilizados (bancos, pasamans, colchóns, espaldeiras, etc...) cos produtos desinfectantes existentes.
- Nos locais habilitados coma almacéns unicamente poderá acceder unha persoa do grupo de adestramento. Sempre a mesma. Ao finalizar a sesión recoller todo o material propio do deportista do espazo asignado e gardalo no local correspondente.
- Ao saír do espazo asignado, limpar as mans co hidroxel que hai na entrada.
- Utilizarán a máscara durante todo o tempo de circulación entre espazos comúns nas instalacións.

6.3.- ASEOS.-

Os aseos a disposición dos traballadores e usuarios serán os existentes nas instalacións.

PREVIO Á APERTURA POLO CENTRO

- Limpeza e desinfección profunda dos elementos comúns (pasillos, bancadas, etc...) previa á reapertura mediante empresa ou persoal especializado en limpeza e produtos homologados.
- Expoñer de maneira visible ao público un documento que acredite o traballo realizado antes de apertura.
- Aprovisionar material de limpeza e hixiene para utilización polos usuarios: rolos de papel, papeleiras, dosificadores de mans con xabón ou hidroxel.

- Deberase proceder a súa limpeza e desinfección dos aseos, como mínimo, catro veces ao día.

UTILIZACIÓN POR PARTE DOS USUARIOS.

- A súa ocupación máxima será dunha persoa.
- Non se poderán utilizar para outro fin que o propio, e polo tempo imprescindible.
- Desbotar os panos ou calquera material desbotable nas papeleiras instaladas.

7.- SOLICITUDE INSTALACIÓNS.

- Enviar a solicitude debidamente cuberta pola sede electrónica do Concello da Estrada: <https://aestrada.sedelectronica.gal/info.0>
- É obrigatorio cursar a solicitude como mínimo 48 horas antes.
- Non se atenderán solicitudes que non cumpran estes requisitos.
- No caso de non poder autorizar o horario solicitado, este departamento propoñerá un horario alternativo sempre e cando sexa posible.

MEDIDAS TEMPORAIS PARA REAPERTURA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO COTO FERREIRO

OBRIGATORIO SEGUIR O PROTOCOLO PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DA ESTRADA, DISPOÑIBLE EN WWW.AESTRADA.GAL

ACCESO ÚNICAMENTE CON CITA PREVIA EN DEPORTES@AESTRADA.ES

NON ESTARÁN DISPOÑIBLES OS VESTIARIOS E A SALA DE MUSCULACIÓN

ESTAS MEDIDAS ESTARÁN VIXENTES A PARTIR DO LUNS DÍA 22 DE XUÑO ATA NOVO AVISO, E PODERÁN VARIAR SEGUNDO EVOLUCIONE A SITUACIÓN.

<h3 style="margin: 0;">NÓS FACEMOS</h3> <p style="font-size: small; margin: 5px 0;">...</p>	<p style="font-size: x-small; margin: 5px 0;">ALFOMBRAS DESINFECTANTES NO ACCESO DA INSTALACIÓN</p>	<p style="font-size: x-small; margin: 5px 0;">ACTIVIDADES CO Nº DE DEPORTISTAS REDUCIDO, SEGUNDO O AFORO DA PISTA POLIDEPORTIVA</p>	<p style="font-size: x-small; margin: 5px 0;">AUMENTO E REFORZO DAS HORAS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN, DEPENDENDO DA CARGA DE USO DA INSTALACIÓN</p>
<p style="font-size: x-small; margin: 5px 0;">COLOCACIÓN DE PUNTOS DE DISPENSACIÓN DE XEL E DESINFECTANTE, ADEMAIS DE SINIALIZACIÓN PARA TRANSITAR POLA INSTALACIÓN</p>	<p style="font-size: x-small; margin: 5px 0;">DESINFECTAR TODO O MATERIAL DA INSTALACIÓN</p>	<p style="font-size: x-small; margin: 5px 0;">SINALIZACIÓN DAS ZONAS COMÚNS PARA A MOBILIDADE DENTRO DA INSTALACIÓN</p>	<p style="font-size: x-small; margin: 5px 0;">NOVOS PROTOCOLOS PARA CADA DEPENDENCIA E INSTALACIÓN DEPORTIVA, ADAPTADOS A NOVA SITUACIÓN</p>
<h3 style="margin: 0;">VÓS FACEDES</h3> <p style="font-size: small; margin: 5px 0;">...</p>	<p style="font-size: x-small; margin: 5px 0;">SE UTILIZAS BEBIDA E/OU TOALLA, QUE SEXA DE USO PERSONAL</p>	<p style="font-size: x-small; margin: 5px 0;">USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA NAS ZONAS DE TRÁNSITO E ONDE NON SEXA POSIBLE RESPECTAR A DISTANCIA DE SEGURIDADE DE 2 METROS</p>	<p style="font-size: x-small; margin: 5px 0;">MANTER A DISTANCIA FÍSICA DE 1.5 METROS EN TODO MOMENTO</p>
<p style="font-size: x-small; margin: 5px 0;">DESINFECTAR AS MANS E MATERIAL UTILIZADO ANTES E DESPOIS DO SEU USO</p>	<p style="font-size: x-small; margin: 5px 0;">SE TES SINTOMAS OU TE ATOPAS MAL, NON ACUDA Á INSTALACIÓN POLA SAÚDE DE TOD@S</p>	<p style="font-size: x-small; margin: 5px 0;">EVITAR TOCAR NARIZ, OLLOS OU BOCA COAS MANS, SEN ANTES DESINFECTALAS</p>	<p style="font-size: x-small; margin: 5px 0;">UTILIZAR OS PERCORRIDOS E ESPAZOS COAS ADAPTACIÓNS INDICADAS</p>

aestrada_deporte
A Estrada Deporte

8.- ANEXO I.

SOLICITUDE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

O Concello da Estrada, por medio da Concellería de Deportes, Novas Tecnoloxías e Participación Cidadá, abre a solicitude para a utilización das INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, para actividade deportiva. A autorización para a utilización pode estar condicionada polos protocolos doutras administracións.

As instalacións deportivas municipais obxecto desta solicitude son:

- 1.- Pavillón Polideportivo Manuel Coto Ferreiro (únicamente federados).
- 2.- Pavillón Multiusos. Pista 1 (únicamente federados).
- 3.- Pavillón Multiusos. Pista 2 (únicamente federados).
- 4.- Pistas de tenis (federados e non federados)
- 5.- Campo de Fútbol Manuel Regueiro (únicamente federados).
- 6.- Campo de Fútbol Novo Municipal (únicamente federados).
- 7.- Campo de Fútbol San Martiño-Callobre (únicamente federados).

NOME DO SOLICITANTE/DEPORTISTA/CLUB: _____

NOME DO RESPONSABLE ADESTRAMENTO (SO PARA CLUBS): _____

NOMES DOS DEPORTISTAS ADESTRAMENTO (SO PARA CLUBS) _____

ENDEREZO _____

DNI: _____ TELÉFONO: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

INSTALACIÓN SOLICITADA: _____

DÍA: _____ HORARIO: _____

OBSERVACIÓNS: _____

É obrigatorio cursar a solicitude como mínimo 48 horas antes.

Non se atenderán solicitudes que non cumpran este requisito.

No caso de non poder autorizar o horario solicitado, este departamento propondrá un horario alternativo.

O SOLICITANTE DECLARA:

- *Que coñece o protocolo de volta á actividade deportiva nas instalacións deportivas municipais do Concello da Estrada e comprométese ao seu cumprimento de forma exhaustiva.*
- *Asímesmo declaro que accederéi ás instalacións coas medidas de protección (luvas e máscara) e que as utilizarei sempre que a práctica deportiva o permita, e que cumprirei as normas de utilización das instalacións que marca o protocolo das instalacións deportivas municipais do Concello da Estrada para cada un dos espazos.*
- *Declaro que, a pesar da existencia dun protocolo de volta á actividade, é consciente dos riscos que entraña a práctica deportiva en espazos pechados nunha situación pandémica como a actual.*
- *Declaro que non padecín ningún síntoma do Covid-19 nos últimos 15 días:*
 - *Febre.*
 - *Cansazo.*
 - *Tos seca.*
 - *Dificultade para respirar.*
- *Que non estiven en contacto con ningunha persoa que dera positivo en Covid-19 nos últimos 15 días.*
- *Que informarei de forma inmediata, o departamento de deportes do Concello da Estrada, si algunha das circunstancias anteriores sucedesen ou dese positivo en Covid-19, para que se poidan tomar as medidas oportunas.*
- *No caso dos clubs deportivos, deben de cumprir estes requisitos os participantes no adestramento.*
- *Se algún usuario presenta síntomas como febre, tos e dificultade respiratoria, chamar ao 061 ou ao 900 400 116 (segundo proceda), seguir as instrucións das autoridades sanitarias.*

A sinatura acredita estar conforme, e a aceptación das normas de utilizacións deportivas municipais do Concello da Estrada.

A Estrada, _____ de _____ de 2020.

SINATURA:

Enviar ao correo deportes@astrada.es